

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, de 1 praza de traballador/a social UCA (OEP 2022 Extraordinaria-Estabilización)

ANUNCIO

Aprobación da Listaxe Definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeamento do tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de persoal laboral fixo no posto de **Traballador Social UCA** incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

EXPEDIENTE: 2022/E001/000048 – TRABALLADOR SOCIAL UCA

Por Resolución da Alcaldía do Concello de Carballo núm. 1878/2023, do 14/07/2023, aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de persoal laboral fixo no posto de Traballador Social UCA incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo. Publicouse anuncio da aprobación da mesma no BOP de A Coruña núm. 138 do 20/07/2023. Establecéndose un prazo de presentación de emendas de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da resolución no BOP. Dito prazo de presentación de emendas rematou o 04/08/2023.

Rematado o prazo de presentación de emendas, por Resolución da Alcaldía núm. 201/2024, do 26/01/2024, aprobouse a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeouse ao tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de persoal laboral fixo no posto de Traballador Social UCA incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

Resolvéndose o seguinte:

« Rematado o prazo regulamentario para a presentación de emendas á listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, examinada a documentación que acompaña ao expediente, de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, de conformidade co establecido na Base Cuarta (Admisión de aspirantes) e na base Quinta (Tribunais Cualificadores) da convocatoria, e de conformidade co artigo 21.1.h), da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, en uso das competencias legalmente atribuídas,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de persoal laboral fixo no posto de **Traballador Social UCA** (Grupo I) incluída na OEP 2022 Extraordinaria ou de Estabilización do Concello de Carballo.

Admitidos/as:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Motivos Exclusión	CELGA
1	ABELEND A ABELEND A	MARIA JOSE	***3236**	-	SI
2	CALVIÑO RAMA	AGUEDA MARIA	***1630**	-	SI
3	DOCAMPO ALVAREZ	NATALIA	***8748**	-	SI
4	SANTOS DIAZ	CRISTINA	***7517**	-	SI
5	VILA PEREIRA	SOFIA	***3387**	-	SI

Excluídos/as:

Non hai excluídos.

Segundo.- Determinar a composición nominativa do tribunal cualificador previsto na Base Quinta da convocatoria, que estará composto polos seguintes membros:

Presidente:	
Titular:	D. Fernando de Abel Vilela
	Profesor de Dereito Administrativo da Universidade de Santiago de Compostela.
Suplente:	D. Juan Antonio Rey Rivas
	Tesoureiro do Concello de Carballo.
Vogal 1:	
Titular:	D ^a . María Dolores Antelo Collazo
	Traballadora Social do Concello de Laxe.
Suplente:	D. Gonzalo Saborido Martínez
	Traballador Social do Concello de Muxía.
Vogal 2:	
Titular:	D ^a . Margarita María Docanto Alonso
	Traballadora Social do Concello de Cabana de Bergantiños.
Suplente:	D ^a . María del Carmen Pérez Bermúdez
	Traballadora Social do Concello de Camariñas.
Vogal 3:	
Titular:	D ^a . Luisa Victoria Andaluz Corujo
	Traballadora Social do Servizo Galego de Saúde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.
Suplente:	D ^a . Miriam Rodríguez Sierra
	Traballadora Social do Servizo Galego de Saúde da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.
Secretario:	
Titular:	D. Carlos Collazo Martínez
	TAE - Xefe do Servizo de Xestión e Inspección Tributaria do Concello de Carballo.
Suplente:	D. Miguel Piñeiro Souto
	Secretario Xeral do Concello de Carballo.

Terceiro.- Segundo ao indicado na Base Quinta da convocatoria, a abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Cuarto.- Convocar a todos os membros do tribunal para a sesión constitutiva e de baremación de méritos que terá lugar o xoves 8 de febreiro do 2024 ás 11.30 horas na Sala de Xuntas sita na planta 2^a da Casa do Concello de Carballo (Praza do Concello, s/n, Carballo).

Quinto.- Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carballo (www.sede.carballo.gal) e na páxina web municipal (www.carballo.gal).

En Carballo, 29 de xaneiro de 2024

O alcalde,

Evencio Ferrero Rodríguez

2024/636